

## PEZA DO MES

xaneiro

2020



**A REVISTA NÓS E O MUSEO**

**XUNTA DE GALICIA**

## A revista Nós e o Museo

O Museo conserva unha colección completa da revista *Nós* proveniente, pensamos, dos fondos da Comisión de Monumentos. Precisamente, xa no primeiro número de *Nós*, o 20 de outubro de 1920, aparece na sección de novidades bibliográficas e culturais, *Os homes, os feitos e as verbas*, un resumo do contido do *Boletín* de xullo e agosto; algo que logo se repetirá en varias ocasións.

Como se ten sinalado e é asumido por todos, sen o traballo no tránsito entre o século XIX e XX da Comisión de Monumentos nos locais que ocupaba no Centro Provincial de Enseñanza, actual IES Otero Pedrayo, sería imposible que nacesse o interese investigador e creador nos homes que forman a cerna de *Nós*, o denominado *cenáculo ourensán*, e a liña marcadamente cultural, conservadora, virada á arqueoloxía, antropoloxía, literatura e historia, do galeguismo auriense. Dalgún xeito, o discurso *Nós* é a lectura e compromiso en clave galeguista do pulo cultural dos homes do primeiro Instituto de educación provincial e da Comisión de Monumentos, do que tamén naceran á parte deste Museo, unha efémera *Universidade Popular* (1910), o vello *Ateneo* (1914) ou a revista *La Centuria* (1917-18). Ademais, e cómpre telo presente, o *BCMO* (1898-1960) e o Museo, tamén serviron, dalgún xeito, como refuxio intelectual logo da desaparición de *Nós* (1935) e do *Seminario de Estudos Galegos* (1936). Lembremos, por exemplo, que no número de xullo-agosto de 1939, aparecen artigos asinados por Vicente Risco, Florentino Cuevillas, Otero Pedrayo e Fermín Bouza Brey; isto é, anos antes de que o grupo auriense se incorporase, non sen reticencias, á actividade do *Instituto Padre Sarmiento* (creado en 1944) e pasasen a colaborar nos seus *Cuadernos de Estudios Gallegos* cos que, nalgunha medida, quixeron continuar os *Archivos do Seminario*. Tamén, o Museo Arqueolóxico de Ourense, desde a reorganización da posguerra –Ferro Couselo chega á cidade en 1941– foi o punto de encontro e proxección de maxisterio, deses investigadores aurienses que publicaban en *Nós* con xeracións máis novas que se achegaban á arqueoloxía ou á antropoloxía. Mostra diso é a presenza de Vicente Risco, Florentino Cuevillas e Xoaquín Lorenzo, no *Grupo Marcelo Macías* desde os seus momentos iniciais en xaneiro de 1942. Tamén é de sinalar este espazo como lugar onde se impulsan varias accións culturais importantes, como a celebración en Ourense do III Congreso Nacional de Arqueoloxía en 1953, a xeito de homenaxe a Florentino Cuevillas. Asemade será punto de encontro cos «artistifñas»,

tanto pola utilización dos espazos –claustros, entradas, salas– do vello Pazo do Bispo, con exposicións de pintura e escultura (primeiro Conde Corbal e Arturo Baltar, en 1961; logo, Quessada e Acisclo, en 1963, etc.) como pola relación que se espalla desde alí en presentacións, programas, artigos... Lembremos, por exemplo, a presenza de Vicente Risco na exposición da nova pintura galega organizada por «O Galo» de Santiago, en 1961; ou a colectiva de artistas ourensáns, 27 autores e 142 obras, en xaneiro de 1962, en Madrid, con persoas e materiais seleccionados por Vicente Risco, Ferro Couselo e Gómez del Valle.

De xeito paralelo, desde o Museo e os faladoiros do Hotel Parque ou do Miño, xorden varios libros de colaboracións cruzadas de imaxe gráfica e texto entre Vicente Risco e Xosé Conde Corbal (*Del Orense perdurable*, 1961); Ferro Couselo e Conde Corbal (*Del Orense Monumental*, 1964); ou Otero Pedrayo e Xaime Quessada (Orense, 1966), así como seccións colaborativas na prensa local. Mesmo a pintura da taberna «O Volter», inaugurada en setembro de 1963, en homenaxe ao desaparecido pouco antes, Vicente Risco, con murais de Xosé Luís de Dios, Xaime Quessada e textos nas paredes de, entre outros, Otero Pedrayo, é exemplo deste fío de continuidade.

Os números conservados na colección do Museo chegan ata o último que circulou, o 137-138 (maio-xuño de 1935) pero non está o derradeiro, o 139-144, (xullo-décembro de 1935) seica salvado por Xosé Ramón Fernández-Oxea da imprenta *Nós* en Santiago, –Rúa do Vilar núm 15– nos albores da Guerra Civil, e que nunca chegara a ser distribuído, e do que hai pouco localizamos un segundo exemplar en Ourense, na familia Leuter González Salgado.

A colección do Museo está encadernada en seis volumes, do seguinte xeito: O volume I agrupa desde o número 1 ao 24, e cronoloxicamente desde o 30-X-1920 ao 15-XII-1925. Os volumes II a V agrupan cadanseus vinte e catro números correspondentes a dúas anualidades: 1926-27, 1928-29, 1930-31 e 1932-33. O VI o máis irregular, integra desde o número 121 ata o 137-138, coa particularidade de varios números dobres (124-5, 126-27, 128-29, 131-132, 137-138), o que nos indica as turbulencias por que pasou a revista na súa fin.

Integrado nese último volume, aparece un índice mecanoscrito de 33 páxinas, agrupado en cinco apartados. O inicial, «Índice» organiza alfabeticamente os nomes de 210 colaboradores, seguidos dos seus artigos, e referenciados por tomo, número e páxina. Porén, o «tomo» non se corresponde co volume do museo pois orixinalmente aquel debiera corresponderse con ano.

A continuación segue o índice da sección «Archivo filológico e etnográfico de Galicia», que agrupa as colaboracións de 52 persoas identificadas e catorce artigos xuntos en «Varios». O terceiro índice tamén de sección, «Os homes os feitos, as verbas», agrupa a información contida en «Libros» – por orde alfabética, comentarios dos libros e artigos que xulgan de interese para os lectores ata un total de 290 referencias–; «Notas», sete caras con referencias a comentarios da actualidade cultural: exposicións, conferencias, libros, congresos, homenaxes, actividade do SEG e da propia Nós, en mans, normalmente de Vicente Risco, e cunha interesantísima subsección, «Letras d’afora», de Otero Pedrayo. O último índice, «Revista», comenta números de 130 ítems galegos e non galegos, da emigración e doutras culturas. O índice, aínda útil e eficaz, non ten a meticulosidade do elaborado por Ben Cho Shey e publicado pola RAG na homenaxe colectiva ao cincuentenario da revista, en 1970, en forma de número extra, 145, da revista.

Non é este o lugar de estenderse sobre a importancia de Nós, pero si de lembrar algo da súa vida.

A revista, soñada na primavera de 1920 nas terrazas do Café Méndez Núñez de Pontevedra por Vicente Risco, Castelao, Ramón Cabanillas e Losada Diéguez –segundo relata o propio Risco, por primeira vez, na revista *Céltiga* de Buenos Aires, en 1926–, concretouse en Ourense porque era lugar de singular pulo galeguista. Durante os primeiros 12 números aparece a redacción e administración no 14 da rúa Padre Feijoo, na casa de Arturo Noguerol. Logo neste enderezo queda a administración e a dirección e redacción trasládase a Praza do Ferro 6 ata a fin da primeira xeira, en xuño de 1923. Cando se reemprende a edición, en xullo de 1925, virá a «Dirección e redacción» de xeito definitivo, á casa de Vicente Risco, Santo Domingo 47. Na inicial fase ourensá, en *La Región*, imprimíronse coa mellor calidade, os 15 primeiros números; logo, cos tres máis da *imprensa de J. Poza Cobas* de Pontevedra, péchase a primeira xeira en xuño de 1923, seica por problemas económicos. Renace en xullo de 1925 editándose na Coruña, da man da imprenta galeguista LAR, ata xullo de 1927 (núms. 19 a 43). Nesa data, sepáranse os xestores da mesma, Carré Alvarelos e Ánxel Casal, e este último funda a editorial Nós que asumirá a impresión ata a fin da revista; primeiro na Coruña, entre os números 44 e 86, e logo a partir do 87, marzo de 1931, en Compostela. A editorial Nós será un ferveiro de actividade do que sae a práctica totalidade do publicado en galego nese tempo, sexa o relacionado co xornal *A Nosa Terra* ou con *Nós* –a política e a cultura–, sexan as cousas do *Seminario de Estudos Galegos* ou as propias coleccións literarias. Tamén terá a imprenta de Casal unha grande actividade como imprenta da propaganda política das

organizacións sindicais e de esquerda.

O peso de Ourense na revista é, loxicamente, enorme. Na primeira xeira (1920-23) aparecerá sempre Vicente Risco, como «Direitor» e, cremos que honorificamente Xavier Prado «Lameiro» como «Redactor Xefe». E os motores serán Arturo Noguerol («Xerente») e os «Redactores» Eleuterio González Salgado, Antón Losada Diéguez, Florentino Cuevillas, Ramón Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas e Alfonso R. Castelao. Na segunda xeira (1925-35) simplifícase o organigrama, pois aparece Risco como «Direitor Literario» e Castelao como «Direitor Artístico», aos que se engade Anxel Casal a partir do número 44, no verán de 1927, como «Administrador». A relación interna entre eles, ás veces con tensións e medos por parte de Risco a perder o control da revista pódese seguir polos epistolarios cruzados entre os protagonistas, só parcialmente coñecidos.

Loxicamente, abundarán os artigos relacionados con temas ourensáns (orixes da cidade, noticias de San Cibrán de Las, de Aquis Querquernis, Francelos, Mixós, Santa Eufemia de Ambía, megalítico de Lobeira, noticias de imaxes como as de Juan de Juni, Cristo de Santa Eufemia, achados de aras, etc. etc. e moita recollida etnográfica, incluso, por alumnos e alumnas de Risco. Os anunciantes, case todos ourensáns na primeira xeira (Casa dos Lentos, Farmacia Román, Cepillos Perille –do primeiro ao último número–, Hotel Roma, Hotel Miño, Fotografía Samaniego, etc.), case desaparecen logo. Entre os colaboradores algo máis novos que os fundadores, pero participantes da revista desde idades moi temperás están os ourensáns Xurxo e Xoaquín Lorenzo, Xosé Ramón Fernández Oxea, os irmáns Álvaro de las Casas e Augusto Casas, Euxenio Montes, Blanco Amor, Blanco Torres, Felipe Fernández Armesto, Xohan Luis Ramos Coleman, Pepe Velo, Cándido Fernández Mazas, Farruco Lamas, Xaime Prada, Julio Prieto Nespereira e outros residentes en Ourense, como Francisco Luís Bernárdez, Couceiro Freijomil, Alfonso Vázquez Martínez ou Luciano Fariña; amén de varias dúcias de estudantes de maxisterio que achegaban recollas etnográficas a Risco.

Un dos máis fieis colaboradores da revista, Xoaquín Lorenzo Fernández, tratou ata a súa morte en 1989, e iso sabémolo ben no Museo, de coser aqueles tempos aos nosos, con fíos de lembranza, memoria e entusiasmo.





CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)

[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense


TEXTO: Afonso Vázquez-Monxardín Fernández


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueológico 

 Xacobeo 2021



 XUNTA DE GALICIA